

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 4 DE XULLO DE 2005

2.- Solicitudes de licencias de obras.

Favorables.-

434/05.- José Otero, S.A.- Nave industrial nas parcelas 50, 51, 52 e 93 do SUNP-37, Sector 1º de Costa Vella, e apertura (LAP/62/05) de venda de material de construción.

2920/04.- Inmobiliaria Ponteno, S.A.- Legaliz. modificacións executadas nas vivendas unifamiliares realizadas na Unidade de Actuación de Casal, Laraño.

527/04.- A Tafona do Peregrino, S.L.- Rehabilitación e apertura (LAP/58/04) dun hotel de dúas estrelas na Rúa Virxe da Cerca núm.7.

832/05.- Manuel Otero Suárez.- Legaliz. modificacións executadas na Viv.unif. realizada en Garabal núm.19, San Caetano.

4.- Aprobación inicial do Proxecto de reparcelación da unidade de actuación número 2 (UA-2) do Plan especial de reforma interior número 7 (PERI-7) de Ponte Pedriña.

Acórdase aprobar inicialmente o proxecto de reparcelación da unidade de actuación número 2 (UA-2) do Plan especial de reforma interior número 7 (PERI-7) de Ponte Pedriña.

5.- Aprobación inicial da delimitación da AE-1 do Plan especial de reforma interior de Vieiro, dos Estatutos e Bases da Xunta de Compensación e cambio do sistema de actuación.

Acórdase aprobar inicialmente a delimitación da AE-1 do Plan especial de reforma interior de Vieiro, dos Estatutos e Bases da Xunta de Compensación e cambio do sistema de actuación.

6.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuito do pavillón "Carmen Estévez" de Roxos Villestro.

Acórdase autorizar o uso gratuito do devandito polideportivo desde o 28 de xuño ata o 29 de xullo para desenvolver as actividades da Escola de Verán organizada pola ANPA do CEIP de Roxos-Villestro.

7.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuito do pavillón municipal de Lamas de Abade.

Autorízase o uso gratuito do Pavillón Municipal de Lamas de Abade do 4 ao 23 de xullo para a Compañía os Quinquilláns-Teatro na Rúa para os ensaios das súas actividades teatrais.

13.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello, a (FEGAMP), e a Universidade de Santiago para o desenvolvemento de actividades académicas da citada Universidade, no marco da ampliación do programa de capacitación dentro do programa de asistencia e xestión urbana sostible (PAGUS) integrado no programa INTERREG III - C da Comisión Europea

Acórdase aprobar o devandito convenio de colaboración entre o Concello, a FEGAMP e a USC para o desenvolvemento de actividades académicas da citada Universidade, no marco da ampliación do programa de capacitación dentro do programa de asistencia e xestión urbana sostible (PAGUS) integrado no programa INTERREG III - C da Comisión Europea.

14.- Proposta do Concelleiro Delegado de Turismo para dar conta do Convenio entre o Concello e INCOLSA relativo á execución de actividades de fomento da música e o cine durante 2005.(Convenio Deputación Provincial de A Coruña-Concello de Santiago).

Dáse conta da sinatura do devandito convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago para o financiamento de actividades de fomento da música e o cine durante 2005, no que a deputación provincial financia con 180.000 euros os proxectos "Compostela festival", "Santiago de Compostela Film Commission" e o "II festival de Curtametraxes Curtocircuíto '05".

16.- Proposta da Concelleira Delegada de Muller relativa á aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello e a Asociación Cáritas Diocesana para o programa "Vagalume".

Acórdase aprobar o convenio de colaboración a formalizar entre o Concello e a Asociación Cáritas Diocesana para o programa Vagalume dirixido a mulleres que exerzan ou tendo exercido a prostitución pasen por unhas especiais dificultades ou por unha situación de risco e requiran dunha intervención específica e dun aloxamento seguro.A contribución ao financiamento deste programa é de 20.000 euros.

17.- Proposta da Concelleira de Centros Socioculturais relativa á aprobación do orzamento das actividades da rede sociocultural para o terceiro trimestre de 2005.

Acórdase aprobar os gastos das actividades estábeis vencelladas aos equipamentos da rede sociocultural municipal e que ascenden a 17.000 euros para o terceiro trimestre deste ano: meses xullo, agosto e setembro.

18.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa ó presuposto das obras de reforma e ampliación das instalacións de alumeadado público na rúa Melide e zona peatonal posterior.

Apróbase o devandito presuposto, por un importe de 22.832,13 euros, así como o inicio do expediente para a súa contratación.

19.- Dar conta da comunicación do INAP relativa á concesión dunha subvención para o desenvolvemento do Plan de formación continua 2005.

Dáse conta da devandita subvención, por importe de 17.572,21 euros publicada no BOE do 17 de xuño de resolución do 31 de maio de 2005.

20.- Dar conta pola Concelleira Delegada de Muller da concesión pola Xunta de Galicia dunha subvención ó Concello para a promoción de actividades da Concellería da Muller.

Dáse conta da concesión da devandita subvención para a promoción de actividades, e en concreto para a realización de tres cursos de informática por importe de 2.982 euros.

21.- Dar conta da sinatura da Addenda ó Convenio de cooperación entre a Consellería de Economía e Facenda e o Concello de Santiago o día 29 de xullo de 1996.

Dáse conta da sinatura da remisión dun exemplar orixinal da addenda ao convenio de cooperación asinado pola Consellería de Economía e facenda e o Concello de Santiago o 29 de xullo de 1996.

22.- Dar conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello e a Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín, para realizar proxectos culturais.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, asinado o pasado 24 de xuño de 2005.

23.- Dar conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello e a Universidade de Santiago para o desenvolvemento dun curso académico por parte da Universidade a partir da experiencia de capacitación profesional derivada da posta en marcha dunha aula de rehabilitación no marco do programa de xestión de asistencia e xestión urbana sostible (PAGUS) integrado no programa INTERREG III C da Comisión Europea.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio.

24.- Dar conta do Convenio de Colaboración entre o Concello e a Universidade de Santiago para a execución do programa de asistencia e xestión "Programa de asistencia y gestión urbana sostenible" (PAGUS) dentro do programa INTERREG III-C da Comisión Europea.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio.

25.- Adxudicación das obras de acondicionamento de parcela municipal para campo da festa e actividades deportivas en As Casas de Arriba. César. (POS 2005).

Acórdase adxudicar a licitación de referencia á empresa OVIGA SL, por importe de 69.420 euros, IVE incluído.

26.- Adxudicación das obras de acondicionamento do entorno do campo da festa de Agualada-Marantes (POS 2005).

Acórdase adxudicar a licitación de referencia á empresa CESPAS SA, por importe de 80.093,50 euros, IVE incluído.

27.- Adxudicación das obras de construción do novo parque comarcal de bombeiros en Salgueiriños.

Acórdase adxudicar a licitación de referencia á empresa EXTRACO SL, por importe de 1.878.205 euros, IVE incluído.

28.- Proposta da Concelleira Delegada de Medio Ambiente relativa á adxudicación da Asistencia técnica para a dirección de execución e a coordinación de seguridade e saúde das obras de rehabilitación da fábrica de curtidos de Huidobro como centro de interpretación ambiental.

Acórdase adxudicar a asistencia técnica a favor de Juan Moreno Badía, por importe de 15.004,87 euros, IVE incluído.

29.- Adxudicación do servizo de radiocomunicacións trunking de voz de datos para o Concello.

Acórdase adxudicar o servizo de referencia á empresa TAELO, por importe de 13,04 euros/terminal/mes, IVE incluído. O tipo de licitación é de 17.685,60 euros/ano, IVE incluído.

30.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á adxudicación das obras de acondicionamento e equipamento de local en San Lázaro (2ª fase) .

Acórdase adjudicar a licitación das citadas obras a favor da empresa MONTEBALSA SL por importe de 55.000 euros, IVE incluído.

31.- Proposta do Concelleiro Delegado de Turismo relativa á adjudicación da Asistencia técnica para a realización dun estudo da demanda turística na Cidade de Santiago.

Acórdase contratar os servizos do CETUR da USC por importe de 12.000 euros, IVE incluído, para a realización dun estudo da demanda turística na cidade dos primeiros cinco meses do ano 2005.

33.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á contratación dun experto docente para a impartición do curso de Carpintería (Plan FIP 2005).

Acórdase contratar un experto docente en Carpintería, cun custe de 8.550 euros e un experto docente para a impartición dos módulos transversais de Formación para a igualdade e Inserción laboral: técnicas de busca de emprego cun custe de 570 euros, ao abeiro do Plan FIP 2005.

34.- Proposta dos Concelleiros Delegados de Educación e Infraestruturas relativa á aprobación do proxecto modificado, sen repercusión económica, da construción da Escola Infantil de Fontiñas.

Apróbase o devandito proxecto modificado.

37.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación relativa á adjudicación das obras de acondicionamento acústico dun local de ensaios no Estadio de San Lázaro.

Acórdase adjudicar as devanditas obras a favor da empresa MONTEBALSA SL por importe de 14.500 euros, IVE incluído.

38.- Proposta do Concelleiro Delegado de Seguridade Cidadá relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do subministro de 76 traxes de auga para o persoal do Servizo Extinción de Incendios.

Acórdase o inicio do expediente de contratación de referencia, establecéndose un tipo de licitación de 28.500 euros, IVE incluído.

39.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras de reparación do pavimento da rúa República Arxentina.

Aprobese o proxecto, o prego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente de contratación de referencia, establecéndose un tipo de licitación de 60.097,16 euros, IVE incluído.

40.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á adjudicación das obras de ampliación da rede de abastecemento na rúa París (Polígono de Fontiñas).

Apróbase o proxecto así como a adjudicación das obras a favor da empresa aquagest por importe de 13.987,13 euros, IVE incluído.

41.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á adjudicación das obras de peche da rede de abastecemento na rúa do Peregrino-San Marcos.

Apróbase o proxecto, así como a adjudicación das obras a favor da empresa AQUAGEST, SA por importe de 13.327,02 euros, IVE incluído.

42.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á adxudicación das obras de ampliación da rede de abastecemento na Travesa do Viso.

Apróbase o devandito proxecto así como a adxudicación das obras a favor da empresa AQUAGEST SA por importe de 7.755,84 euros, IVE incluído.

43.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación do Plan de obras do verán 2005 para centros de educación infantil e primaria do municipio.

Apróbase un presuposto de 98.425,73 euros para a realización de obras de mantemento e reparación nos diferentes centros escolares do municipio.

44.- Proposta da Concelleira Delegada de Centros Socioculturais relativa á adxudicación da prestación do servizo de limpeza do Centro Sociocultural da Rocha.

Adxudícase a prestación de referencia á empresa LIMPIEZAS SALGADO SL durante o período comprendido entre o 4 de xullo e o 31 de decembro de 2005, por importe de 1.280 euros/mes, IVE incluído.

45.- Proposta do Concelleiro Delegado de Mercados relativa á aprobación do proxecto modificado nº1 do de acondicionamento da estación de limpeza e desinfección de vehículos do mercado de gando de Amio.

Apróbase o devandito proxecto por un importe de 222.484,08 euros, e adxudícase á empresa OVIGA SL.O prazo para a execución deste modificado estímase nun mes.

46.- Adxudicación das obras de acondicionamento de parcela municipal para campo da festa e actividades deportivas 2ª fase. A Peregrina (POS 2005).

Adxudícase a licitación de referencia á empresa OVIGA SL por importe de 104.240 euros, IVE incluído.

48.- Dar conta pola Concelleira Delegada de Benestar Social da concesión pola Xunta de Galicia dunha subvención para a prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais.

Dáse conta da devandita subvención por valor de 266.833,73 euros.

URXENCIAS.-

-Acórdase adxudicar a asistencia técnica pra a redacción do proxecto básico para a construción dunha edificación destinada ao centro de recursos e servizos integrais de apoio á empresa Taliesen Arquitectura S.L. polo importe de 11.990 euros.

-Acórdase aprobar o gasto de 8.000 euros para o desenvolvemento do programa de acollida de nenos e nenas saharauis "Vacacións en paz".